9 -A rúa Seis é unha rúa estreita e sen saída, polo que se considera que para evitar os estacionamentos na mesma, que se proceda a colocar na entrada pola rúa Cinco un sinal vertical R-308 de PROHIBIDO ESTACIONAR e o lema EN TODA A Rúa.

10 - A competencia nesta vía para elevar o paso de peóns é completamente da XUNTA DE GALICIA, polo que se acorda realizar a solicitude correspondente.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/4690

Dáse conta de informe da Policía Local relativo a queixas recibidas por parte dos veciños das Rúas San Andrés e Rúa Lucena, no que se indica que realizada inspección ocular no tramo de recente creación e asfaltado da Rúa Lucena que agora ten saída á Rúa San Andrés, puideron comprobar que algúns dos camións de reparto de bebidas que fornecen ao Hotel Placido, aproveitan para saír á Rúa San Andrés , pero debido ás circunstancias da rúa, para realizar o xiro teñen que remontar sobre a beirarrúa que bordea a vivenda situada no lugar, co que co tempo se poden causar danos na mesma, polo que consideran conveniente colocar na Rúa Lucena (que discorre por detrás do HOTEL PLÁCIDO), ao chegar á zona recen asfaltada que se pode virar a

dereita e esquerda, colocar un sinal vertical R-107, de circulación prohibida a vehículos de máis de 3,5 toneladas, para evitar a circulación dos vehículos máis pesados, que son os que remontan no xiro sobre a berriarrúa. O citado sinal poderíase colocar no último farol da esquerda, situado xusto antes do novo tramo aberto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación de sinal R-107, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/4699

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á limpeza das inmediacións da Rúa Fonte da Laxe, así como á súa delimitación cunha pequena varanda polos laterais e a súa parte traseira, deixando unha pequena entrada na parte frontal, onde está a billa da auga, co fin de garantir a seguridade dos peóns.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de obras.

PRP2023/4720

Dáse conta do escrito presentado por Dona Fatima de los Santos de las Flores, solicitando autorización para instalar unha mesa con posto de globos de helio.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se fai referencia a que non se indica nin lugar nin as datas de ocupación.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda comunciar a Dona Fátima de los Santos de Las Flores, que se pode acceder ao solicitado, debendo previamente indicar os días e lugar para a colocación do posto e debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/4742

Dáse conta do escrito remitido polo Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, con data de rexistro de entrada neste Concello de 15 de decembro de 2023, solicitando a cesión a título gratuito do uso de local dunha superficie de 266 m², situado na Avda. Matosinhos nº 1 (Edificio Matosinhos), para destinalo aos Servizos de Inspección de Saúde.

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de outubro de 2023, do seguinte teor:

" Na XGL de 01/02/2011 deuse conta da proposta da Consellería de Sanidade en relación co Servizo situado na Avda Matosinhos polo que a Consellería se comprometía a aboar ao Concello a contía de 100€/mes para electricidade e 100€/mes para calefacción, previa remisión das copias

compulsadas das facturas correspondentes para os efectos de xustificar o gasto.

Deste acordo deuse traslado á Delegación Territorial de Pontevedra en data de rexistro no Portelo único de 14/02/2011.

SEGUNDO - Con data 5 de xullo de 2023 remitiuse, pola intervención Municipal, a Xefatura Territorial, certificado no que se facía constar todas as facturas correspondentes o exercicio 2022 por importe total de 3.577,16 € coa seguinte desagregación.

ELECTRICIDAD E	IMPORTE FACTURADO
DECEMBRO	74,15 €
NOVEMBRO	93,89 €
OUTURBO	101,83 €
SETEMBRO	125,34 €
AGOSTO	95,76 €
XULLO	92,58 €
XUÑO	102,44 €
MAIO	92,91 €
ABRIL	173,02 €
MARZO	139,43 €
FEBREIRO	140,95 €
XANEIRO	184,60 €
TOTAL	1.416,9 €

GAS	IMPORTE FACTURADO
NOVEM-DEC	440,09 €
SEPTEMBRO-OUTUBRO	79,00 €
XULLO-AGOSTO	56,45 €
MAIO-XUÑO	218,95 €
MARZO-ABRIL	627,68 €
XANEIRO-FEBREIRO	738,09 €
TOTAL	2160,26 €

En ambos casos o importe xustificado supera os 1.200,00€ anuais establecido para cada unha das aplicacións orzamentarias.

TERCEIRO - Con data 06/10/2023 recibíuse unha comunicación da Consellería de Sanidade establecendo que a cantidade a aboar supera a establecido na Resolución do ano 2021, procedendo polo tanto a ingresar ao Concello o 18/08/2023 un importe de 2.084,74 € (1.149,29 € de electricidade, e de 935,45 de gas) en base os límites dos gastos de 100 €/mes coa seguinte desagregación:

ELECTRICIDAD E	IMPORTE FACTURADO	IMPORTE PAGADO
DECEMBRO	74,15 €	74,15 €
NOVEMBRO	93,89 €	93,89 €
OUTUBRO	101,83 €	100,00 €

SETEMBRO	125,34 €	100,00 €
AGOSTO	95,76 €	95,76 €
XULLO	92,58 €	92,58 €
XUÑO	102,44 €	100,00 €
MAIO	92,91 €	92,91 €
ABRIL	173,02 €	100,00 €
MARZO	139,43 €	100,00 €
FEBREIRO	140,95 €	100,00 €
XANEIRO	184,60 €	100,00 €
TOTAL	1.416,9 €	1.149,29 €

GAS	IMPORTE FACTURADO	IMPORTE PAGADO
NOVEMBRO-DECEMBRO	440,09 €	200,00 €
SETEMBRO-OUTUBRO	79,00 €	79,00 €
XULLO-AGOSTO	56,45 €	56,45 €
MAIO- XUÑO	218,95 €	200,00 €
MARZO-ABRIL	627,68 €	200,00 €
XANEIRO-FEBREIRO	738,09 €	200,00 €
TOTAL	2160,26	935,45 €

Polo tanto o importe ingresado é inferior ao importe acordado na Xunta de Goberno Local de 1 de febreiro de 2011, fixada pola cesión dos locais.

CUARTO: Vista a documentación obrante no expediente, entende a Intervención que a Consellería está a tratar este gasto como unha subvención, cando realmente se trata dunha indemnización polos gastos ocasionados pola utilización dun local cedido.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade que deberán proceder ao ingreso das cantidades fixadas pola Xunta de Goberno Local de 1 de febreiro de 2011, de 100 €/mes para electricidade e 100 €/mes para calefacción.

Comunicáselle así mesmo que de non realizarse o ingreso citado, deberán proceder a buscar outro local para ao traslado das dependencias que actualmente teñen no local municipal cedido." O citado acordo foi remitido coa data de 13 de novembro de 2023 á Consellería de Sanidade - Xefatura Territorial de Pontevedra aos efectos oportunos, sen que ata o día da data se aboaran neste Concello as cantidades fixadas polo acordo de Xunta de Goberno Local de 1 de febreiro de 2011.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder á cesión gratuíta solicitada, reiterando que deberán proceder ao aboamento dos gastos pendentes tal e como se indicaba no acordo transcrito.

Non se vai a ceder, gratuíta ou onerosamente este espazo, propiedade do Concello de Vilagarcía de Arousa, manténdose a cesión en precario por se o Concello necesitase ese espazo.

PRP2023/4830

Visto o escrito de D. Baltasar Ozores Leyun solicitando a situación dunha praza de discapacidade fronte ao nº 11 da Rúa Figueirido, e visto o informe da Policía Local a Xunta de

Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados no citado lugar, dado que nas inmediacións non existe ningunha praza habilitada. Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

PRP2023/4843

Dáse conta de escrito presentado por D. Manuel González Lema, en representación da Comunidade de Propietarios Rúa Duque de Rivas 1, en relación con ruídos producidos por dous cans que viven nun piso do citado edificio, así como solicitan información sobre o estado de salubridade dos mesmos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seguinte:

- En relación coas molestias por ruídos deberán solicitar a medición dos mesmos no momento en que se produzan, co fin de poder realizar as correspondentes medicións.
- En relación co estado en que se atopan os animais se realizaran as comprobacións á maior brevidade posible.

PRP2023/4845

Dáse conta do informe realizado polo Mestre Composteiro do Concello sobre a entrega da nova maquinaria comprometida pola Empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos e limpeza viaria.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/4846

Dáse conta de remisión polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra das bases para a solicitude de autorizacións para ocupación do dominio público marítimo-terrestre respecto das instalacións de servizos de tempada de verán correspondentes ao exercicio 2024.

As solicitudes deberán presentarse ata o 15 de febreiro de 2024 inclusive.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar traslado ao Servizo de Turismo e á Área de Comunicación para que proceda á súa divulgación.

PRP2023/4713

Visto o escrito presentado por Dona Maria del Carmen Nazara Fabeiro en relación con sinalización na Rúa Abeleira, solicitando a ampliación da zona de parada prohibida con liña amarela así como a instalación de baranda na marxe contraria ao nº 10.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección ocular atopabase un vehículo estacionado e o mesmo complica as manobras de vehículos na intersección, polo que a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao pintado con liña amarela de prohibido estacionar na zona que dindica a Sra Nazara Fabeiro no seu escrito e foto anexa ao mesmo, así como a colocación dunha varanda para evitar a posible caída de persoas ou vehículos que se atopan manobrando.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/4855

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Emilia Uz Prado, en representación de MERCADONA SA, solicitando autorización para realizar escavación en área e sondaxe arqueolóxica no sector oeste do Castro Alobre, antes de proceder á construción de muros de peche entre a zona en que se situa o Castro de Alobre e o lugar onde se pretende construír o

novo supermercado.

Dáse conta de informe favorable do Arquitecto Municipal para someter a autorización dos estudos arqueolóxicos solicitados ante Dirección Xeral de Patrimonio.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de autorización ante a Dirección Xeral de Patrimonio das obras recollidas no proxecto, incorporado ao expediente, redactado por D. Luis Cordeiro Maañón e baixo a dirección arqueolóxica de D. Israel Picón Platas.

(Expte: URB/2023/001153)

PRP2023/4857

Dáse conta do escrito presentado por Alegría Activity SL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza da II República o día 3 de xaneiro de 2023, en horario de 9:30 a 14:00 horas (50 m²) para instalación dun punto de atención a persoas emigrantes retornadas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/4858

Dáse conta de escrito presentado por D. Candido Xesus Meixide Figueira, como presidente da AAVV Vilaoán, no que comunica que o día 5 de xaneiro de 2024, realizarán un evento musical na Praza Rafael Pazos e solicita unha toma de corrente para o citado evento.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acorda concederlle autorización para a ocupación da vía pública, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Comunicáselle que as ocupacións de vía pública están suxeitas a previa autorización municipal, que se deberá realizar coa suficiente antelación para a emisión dos informes correspondentes e posterior autorización pola Xunta de Goberno Local, non sendo suficiente a mera comunicación das mesmas.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/4727

Dáse conta do Fallo do xurado do Concurso de decoración do Nadal 2023, do Comercio e Hostalería de Vilagarcía de Arousa.

Reunido o xurado logo de xirar visita aos locais participantes e emitir as valoracións que constan na acta que figura no expediente.

O xurado emite o seguinte FALLO:

- PRIMEIRO PREMIO. PANADERIA LOURIDO: 15 ptos.
- SEGUNDO PREMIO: VILLAGE BAKERY 14 ptos. e MIKE HAIR STUDIO 13 ptos.
- TERCEIRO PREMIO. DIURNO 12 ptos. e COCOE MODA . 12 ptos.

A dotación dos premios é a que se indica, con cargo á partida 4311.48100 do exercicio 2024:

Primeiro premio: 595 €

Dous segundos premios: 395 € c/u

Dous terceiros premio: 200€ c/u

A entrega das cantidades outorgadas en concepto de premio, quedará condicionada á non existencia de débedas do participante co concello de Vilagarcía de Arousa e serán no seu caso obxecto da retención fiscal que proceda de acordo coas normas tributarias.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga en concepto de premio aos establecementos galardoados, coa seguinte desagregación:

1º premio: "PANADERIA LOURIDO", TITULAR: ANDREA VIDAL CHAPELA, NIF 35466427J, Avenida da Bouza de Cea nº: 4, 36600 Vilagarcía de Arousa. Primeiro premio 595€.

2º premio: "VILLAGE BAKERY", TITULAR: VILLAGE BAKERY SC, NIF J94169000, Rúa 1º DE MAIO Nº: 17 BX Pt: 1A, 36600 Vilagarcía de Arousa. Segundo premio 395€.

2º premio: "MIKE HAIR STUDIO", TITULAR: MIGUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, NIF 35.479781G, Rúa Romero Ortíz 33, 36600 Vilagarcía de Arousa. Segundo premio 395€.

3º premio: DIURNO, TITULAR: GOAHEAD RESTAURACION 2020 SL, NIF B 94198934, Rúa Valentín Viqueira nº 6, Vilagarcía de Arousa. Terceiro premio 200€.

3º premio: COCOE MODA, TITULAR: ANA ORDOÑEZ CITOULA, NIF 44815830P, Rúa Alcalde Rey Daviña 17, 36600 Vilagarcía de Arousa Terceiro premio de 200€.

PRP2023/4717

Dáse conta de proposta da Concellería de Promoción Económica co obxecto de continuar prestando o servizo de atención ao cidadán, a través do que a veciñanza de Vilagarcía poderá facer as súas consultas sobre calquera trámite coas diferentes Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o presente contrato menor de servizos á empresa CDF - CONSULTORIA Y GESTIÓN FORMATIVA SL, NIF: B-06828834 y domicilio en Rúa Fermín Bouza Brey, 12-2ºB; CP. 36600- Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) por prazo seis meses (do 15 de xaneiro ao 15 de xullo de 2024), por un importe total de 17.787,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22799, de conformidade coa oferta presentada, realizándose o aboamento mediante facturación mensual do servizo.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4827

Dase conta da xustificación final da subvención relativa ás CONTRATACIÓNS DA LIÑA 3- EMPREGO DENTRO DO PLAN PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2023 da Deputación de Pontevedra, relativa á contratación laboral de trinta traballadores por un período de 9 e 10 meses.

Esta axuda foi concedida ao Concello de Vilagarcía de Arousa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (LIÑA 3) polo importe total de 285.948,56€.

O importe da subvención o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario, segundo o convenio colectivo vixente, por cada persoa desempregada contratada.

Para os efectos destas subvencións, non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización. Os custos derivados da situación de IT, non se consideran custos salariais subvencionables.

Do importe total concedido se recoñece a obriga e se ordea o pagamento a este Concello do importe de DOUSCENTOS VINTE E OITO MIL SETECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (228.758,85 €). Este importe corresponde co 80% da subvención total otorgada.

O importe restante aboarase tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención provincial.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/4665

O 13 de decembro de 2023 a Asociación de Comerciantes Zona Aberta presenta escrito solicitando a transferencia da segunda cota correspondente ao Concello dentro da campaña BONOS SON DA CASA 2023, aportando como documentación xustificativa extracto bancario da transferencia aos establecementos adheridos da cantidade dos 22.500 Euros que lle foron transferidos dende o Concello en cumprimento dos termos do convenio.

O extracto bancario aportado, reflicte o ingreso por parte do Concello de Vilagarcía da cantidade de 22.500 euros o 8 de decembro de 2023, e a relación de transferencias realizadas aos diferentes comercios dende o día 11 ata o 13 de decembro, data na que a conta amosa un saldo de cero euros.

Tendo en conta o exposto e vista a documentación aportada aos efectos de xustificación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Ter por debidamente xustificado pola Asociación de Comerciantes o aboamento aos establecementos adheridos da cantidade de 22.500 € transferidos polo Concello o 13 de decembro de 2023.
- O recoñecemento de obriga e a realización da transferencia á Asociación de Comerciantes Zona Aberta da cantidade restante correspondente ao 40% do total da aportación municipal (15.000 €) en cumprimento dos termos do convenio, con cargo á partida 4311.470.

CULTURA

PRP2023/4839

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento estimativo correspondente ao gasto de distintas necesidades para o desenvolvemento do DESFILE DE CABALGATA DOS REIS MAGOS 2024 que se levará a cabo o día 5 de xaneiro de 2024, a partir das 19:00 horas percorrendo distintas rúas de Vilagarcía, polo importe de 7.251,57 €. así como a adxudicación a cada unha das entidades que a seguir se indican, polos conceptos e importes que se detallan:

NOME FISCAL	CIF	CONCEPTO XERAL	IMPORTE	PARTIDA
INTERMACO SL	B36146892	Subministro material para reparación, limpeza e decoración de carrozas	970,12 €	338.22199
PAPELERÍA ARINES CB	E36307718	Bobinas de papel para pererar agasallos carrozas	134,00 €	338.22199
PIROTECNIA PENIDE SL	B-15209430	Antorchas (140)	719,95 €	338.22199
DISTRIBUCIONES E. CARBALLO SL	B-32007346	Caramelos	2.079,00 €	338.22199
CARPAS PONTEVEDRA SL	B94077633	Aluguer carpa para instalar Belén vivinte	1.633,50 €	338.203
EMPRESA CUIÑA SL	B36010775	Aluguer autobús histórico (participantes Centro de Educación Especial)	600,00 €	338.204
SVRNE SEGUROS Y PENSIONES Mediator Willis Towers Watson	V48083521	SEGURO	200,00 €	338.224
YOAN GONZALEZ CEMENDEZ	X8223444R	CATERING	715,00 €	338.22699
MATERIAL IMPREVISTO			200,00 €	338.22199
		TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)	7.251,57 €	

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2023/4351

Os servizos municipais de Parques e Xardíns, que fan o coidado e mantemento das áreas verdes municipais, detectaron que as bases da pérgola do Parque Miguel Hernández atópanse bastante deterioradas.

Vista a necesidade existente de reparación de ditas bases, e o de revisión do estado das vigas de madeira desta cuberta, sita no parque Miguel Hernández, ante o mal estado das mesmas provocado polo paso do tempo, así como polas abundantes precipitacións que van afectando á madeira.

Tendo en conta que se trata dunha zona pública, de tránsito habitual de veciñas e veciños, e especialmente como zona de xogo de nenas e nenos; faise necesaria a reparación da pérgola para garantir a seguridade da estrutura e das súas vigas.

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal con data 13 de novembro de 2023.

Vista a necesidade xustificada, remitíronse invitacións solicitando ofertas a tres provedores, os cales presentaron as seguintes:

Licitador	Oferta excluído)	(IVE Oferta (IVE engadido)
NATURGALIA S.L.	24.689,00€	29.873,69€
NELMAR S.L.U.	24.541,00€	29.694,61€
Francisco Javier Barros Álvarez	24.765,00€	29.965,65€

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Reparación de pérgola no Parque Miguel Hernández” á mercantil NELMAR, S.L.U. (B36176832) por importe de 24.541,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.153,61€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 29.694,61€, con cargo á partida orzamentaria 171 62500.
- 2.- Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, como director de obra do investimento denominado CT 84/2023-e “Reparación de pérgola no Parque Miguel Hernández”.

PRP2023/4767

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de novembro de 2023, adxudicouse á empresa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. o contrato de obras denominado “Ensanche e mellora da rúa Xiabre” por un importe de 70.892,22 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 14.887,37 €, o que totaliza un importe de 85.779,59 € (IVE incluído), cofinanciadas pola Consellería de Medio Rural (AGADER), con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico PAC 2023-2027 en Galicia.

O contrato administrativo foi asinado con data 24 de novembro de 2023, cun prazo de execución da obra de 1 mes, contado a partir da sinatura da acta de comprobación de reformulo que foi asinada o 4 de decembro de 2023.

Con data 18 de decembro de 2023 (registro WEB2023009193), don Rodrigo Antón Rey Monteagudo, en representación da empresa adxudicataria Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa S.L. solicita ampliación de prazo de execución por 30 días naturais, en base a unha serie de fundamentos.

Con data 21 de decembro de 2023, o enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González, en calidade de director da obra de referencia, informa favorablemente a ampliación do prazo.

O prazo de execución atópase fixado no contrato asinado en 1 mes, a contar dende a data de sinatura da acta de comprobación de reformulo, polo que finalizaría o 4 de xaneiro de 2024.

O investimento atópase cofinanciado pola Consellería de Medio Rural (AGADER), con cargo ao Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Plan Estratéxico PAC 2023-2027 en Galicia. De acordo coa Resolución de concesión de axuda de data 17 de agosto de 2023, o investimento atópase financiado con cargo a unha dobre anualidade, 2023 e 2024, tendo como prazo final de execución e xustificación o 31 de maio de 2024; polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución esta non dificultaría o cumprimento do prazos fixados para a xustificación da subvención.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato, ata o 5 de febreiro de 2024.

PRP2023/4789

Por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 31 de xaneiro de 2023 foi aprobado o

proxecto denominado “Mellora de accesibilidade ao Centro de formación de Matosinhos”, redactado pola arquitecta Carolina Couselo Fariña, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 255.614,80 € e supervisado favorablemente polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de outubro de 2023, adxudicouse á empresa MONCOSA OHS, S.A. o contrato de obras denominado “Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos”, cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-) e incluída na ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO (EDUSI) “VILAGARCÍA AVANZA”, por un importe de 196.675,52€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 41.301,86€, o que totaliza un importe de 237.977,38€ (IVE incluído), e que inclúe como melloras o aumento do prazo de garantía en 3 anos e a redución do prazo de execución en 1 mes.

A firma da acta de comprobación de reformulo tivo lugar o 23 de outubro de 2023.

Pola directora de obra, a arquitecta dona Carolina Couselo Fariña, solicítase, con data 14 de decembro de 2023 (rexistro WEB2023009098), redacción de proxecto modificado. Este supoñería un incremento na contía inicial do contrato do 6,74%, polo que o importe do contrato pasaría de 237.977,38€ a 254.020,37€ (IVE incluído), unha vez aplicada a baixa ofertada polo licitador.

O arquitecto municipal, con data 27 de decembro de 2023, emite informe favorable para autorizar a redacción do proxecto modificado.

Dáse conta do informe juridico, no que se indica:

INFORME

I.- O artigo 242.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) establece que:

“Cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e cumprense os requisitos que para ese efecto regula esta Lei, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.”

II. A arquitecta dona Carolina Couselo Fariña, redactora do proxecto e directora de obra, xustifica a necesidade de redacción do proxecto modificado motivándoo nas necesidades seguintes:

“- Detectouse a presenza de roca en parte da escavación para a execución da cimentación de parte do muro de formigón, sen estar contemplada no proxecto.

- Doutra banda, compróbase a existencia dun cuarto de instalacións no recinto do Centro de Formación de Matosinhos, que o Concello propón como caseta para a instalación do sistema de rega do xardín vertical e como cuarto eléctrico da instalación de iluminación da rampla, xa que debaixo da rampla non hai altura suficiente, para a súa instalación.

- As luminarias proxectadas para instalar na rampla atópanse descatalogadas, e non existe ningunha no mercado que cumpra coas caracterízaas definidas en proxecto, polo que se substitúen por unhas de medidas e características similares.

- Outra das modificacións vén motivada para mellorar a partida do xardín vertical, ofrecendo unha estrutura máis reforzada, unha la de roca de maior espesor, inclusión dunha protección antivandálica xunto con maior achega de cobertura herbácea.

- E por último, sobre as varandas proxectadas propónse un novo acabado, lacado ao forno, que

evitará uns labores continuados de mantemento sobre a mesma, xa que este acabado ofrece maior durabilidade. (...)”

Visto o que antecede, e o informe favorable do arquitecto municipal, procede a remisión da solicitude de autorización para a redacción de proxecto modificado da obra de “Mellora de accesibilidade ao Centro de Formación de Matosinhos”, á Xunta de Goberno Local, para os efectos de que tome o acordo que proceda.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a redacción do proxecto modificado, este deberá redactarse pola directora de obra, dándolle audiencia ao contratista por prazo mínimo de tres días.

Unha vez realizados estes trámites, será sometido á consideración da Xunta de Goberno Local, acompañado do informe xurídico ao que fai referencia a disposición adicional terceira, punto 8 da LCSP.

Dado que o investimento atópase cofinanciado pola Deputación Provincial con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, e con fondos FEDER a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA (DUSI GA18), deberá darse traslado do proxecto modificado e da súa aprobación, no seu caso, aos organismos cofinanciadores do investimento.

(Aplicación orzamentaria 241-6220017)

PRP2023/4824

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REDINOR SL para o subministro de 1000 paquetes de papel DIN-A4 de 80 gr. para os Servizos Municipais da Casa do Concello, por un importe total de 4.222,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4825

A sociedade ARRENDAMIENTOS GRUPO DE EMPRESAS REY, S.L. presentou demanda de xuízo ordinario fronte ao CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA mediante a que pretende dítese Sentenza estimatoria e:

1.- Se declare a extinción do contrato de cesión de uso gratuito do 11 de decembro de 2014 con efectos desde o 10 de decembro de 2019.

2.- Se condene ao CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA á devolución da posesión do inmovible obxecto de cesión, levando a cabo a totalidade das xestións necesarias para desocupala e poñela ao dispor da demandante.

3.- Se condene ao CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA ao pago de 292.500,00 €, cantidade devindicada ao 23 de febreiro de 2023, por aplicación da cláusula penal acordada no contrato de Cesión, así como o resto das cantidades que, en virtude da aplicación da devandita cláusula penal, váianse devindicando ata a efectiva desocupación e posta ao dispor da demandante do inmovible obxecto de cesión.

Solicitado orzamento ao bufete de Baltar Abogados y Asesores Tributarios, S.L.P. para levar a cabo a oportuna defensa xudicial en primeira instancia, presenta a seguinte oferta:

O custo dos traballos consistiría nun importe fixo de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €).

O importe dos honorarios está dentro do límite máximo previsto polo art. 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público.

O importe fixo anterior, con adición do IVE, deduciríase con independencia do resultado da

seguinte maneira:

O importe de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €) no momento de presentación da contestación á demanda.

O importe de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €) no momento da celebración do xuízo.

O importe de CATRO MIL EUROS (4.000,00 €) no momento no que se dite a Sentenza de primeira instancia.

En caso de chegar a un acordo extraxudicial, devengarase os anteriores honorarios ata o momento procesual en que se subscriba o acordo, cun mínimo que se obtería en todo caso de TRES MIL EUROS (3.000,00 €)

Os honorarios anteriormente mencionados non inclúen os gastos incorridos na realización do traballo (viaxes, dietas, desprazamentos, custos de envíos de comunicacións, gastos de procurador e peritos etc.)/ etc.) que se facturarán aparte.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de Baltar Abogados y Asesores Tributarios, S.L.P (NIF. B27735539) cun importe de 12.000,00 € (IVE excluído) para a defensa xudicial en primeira instancia contra a demanda interposta por Arrendamientos Grupo de Empresas Rey, S.L. en conformidade coa súa oferta, con cargo á partida orzamentaria 920.22604.

PRP2023/4841

O Concello ten instalados sistemas de alarma de intrusión en diversos edificios municipais. Debido aos cambios normativos producidos en materia de seguridade privada é necesario substituír os sistemas de alarma instalados no SPAD, Museo do Ferrocarril e locais de ensaio (ubicados no auditorio municipal), xa que, entre outros aspectos, os actuais non permiten a gravación de imaxes esixida pola normativa vixente.

Este cambio debe realizarse coa maior celeridade posible, toda vez que o prazo para adecuar as instalacións á normativa vixente remata o 31/12/2023.

Solicitado orzamento á empresa Securitas Seguridad España, S.A. (CIF A-79252219), esta oferta os seguintes prezos:

LOCALIZACIÓN SISTEMA INTRUSIÓN	PREZO (IVE excluído)	PREZO (IVE incluído)
Museo do Ferrocarril	1.568,31 €	1.897,66 €
Locais de ensaio (Auditorio)	1.023,19 €	1.238,06 €
SPAD	1.432,03 €	1.732,76 €
TOTAL	4.023,53 €	4.868,48 €

O prazo de execución deste contrato menor de subministro con instalación será de 2 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de SUBMINISTRO CON INSTALACIÓN DE NOVOS SISTEMAS DE ALARMA DE INTRUSIÓN NO SPAD, MUSEO DO FERROCARRIL E LOCAIS DE ENSAIO (Auditorio municipal) á empresa Securitas Seguridad España, S.A. (CIF A-79252219), polo prezo de 4.023,53 € (IVE excluído) e 4.868,48 € (IVE incluído) de conformidade coa súa oferta, con cargo ás partidas orzamentarias seguintes:

LOCALIZACIÓN SISTEMA INTRUSIÓN	PREZO (IVE excluído)	PREZO (IVE incluído)	Partida
Museo do Ferrocarril	1.568,31 €	1.897,66 €	432.213
Locais de ensaio (Auditorio)	1.023,19 €	1.238,06 €	334.213
SPAD	1.432,03 €	1.732,76 €	2311.213
TOTAL	4.023,53 €	4.868,48 €	

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4847

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de aprobación do repartimento das cantidades que lle corresponden a cada concello ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, pola que lle corresponde ao Concello de Vilagarcía de Arousa un importe total de 206.131,84 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0008

A Xerencia de Urbanismo ten pendente de cubrir a praza de enxeñeiro municipal, que ata o de agora viña prestado a través dun contrato de servizos o enxeñeiro don Óscar Álvarez González, rematando o citado contrato o 31 de decembro de 2023.

O obxecto deste é a prestación de servizos de enxeñería ao Concello de Vilagarcía de Arousa que comprendía os seguintes traballos:

- Emisión de informes.
- Redacción de proxectos técnicos e estudos.
- Dirección e inspección de obras.
- Coordinación en materia de seguridade e saúde de obras.
- Asesoramento á Corporación en materias propias da súa competencia profesional.
- Atención as consultas que se lle poidan prantexar.
- Calquera outra tarefa, relacionada coa súa competencia profesional que lle poida. ser encomendada polos órganos de goberno do Concello.

Son varios os contratos de obra nos que o Sr. Álvarez González é director e/ou coordinador de seguridade e saúde que se atopan sen finalizar, así como diversos traballos de competencia da Xerencia de Urbanismo (informes, redacción de proxectos, etc.) que non poden demorarse, polo que interromper neste intre a prestación do servizo conlevaría un grave prexuízo ao interese público.

Polo Sr. Álvarez González presentouse, a petición deste concello, un orzamento pola prestación de asistencia técnica en materia de enxeñería por un período de catro meses, por importe de 8.712,00€ (IVE engadido)

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a don Óscar Álvarez González (35463670Q), o contrato de servizos de enxeñería ao concello de Vilagarcía de Arousa, por un período de 4 meses, a contar dende o 2 de xaneiro de 2024, por un importe de 7.200,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.512,00€, o que totaliza un orzamento de execución de 8.712,00€, con cargo á partida 150.22706.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.